

Acordo do 4 de maio de 2026 do Departamento Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Bergondo (expediente IN407A 2022/30-1).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Instalación dun reconector TC no apoio núm. 59-1 da LMT SMC729, no concello de Bergondo (expediente IN407A 2022/30-1), por resolución deste departamento territorial, do 3 de febreiro de 2026, a favor da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA, con enderezo en avenida de Arteixo, 171, 15008 – A Coruña.

Este departamento territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar o día **2 de xullo de 2026** para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con este acordo no taboleiro de edictos do concello de Bergondo, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 26.9.2022, no BOP do 9.9.2022 e no xornal *La Voz de Galicia* do 16.9.2022, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoselles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas da casa consistorial do dito concello.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 4 de maio de 2026

Isidoro Martinez Arca

Director Territorial da Coruña



EXPEDIENTE: IN407A 2022/30-1 (expropiacións)  
PROXECTO: INSTALACIÓN DUN RECONECTADOR TC NO APOIO Nº 59-1 DA LMT SMC729  
CONCELLO: BERGONDO  
ENTIDADE BENEFICIARIA: UFD Distribución Electricidad, SA

ACTO: CONVOCATORIA PARA O LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO

DATA: 2 de xullo de 2026  
HORARIO: Sinalado no cadro anexo

### RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS

Finca	Ref. catastral	Lugar	Titularidade proposta	Apoio		Afeccións		Data	Horario (na finca)
				Nº	M2	ml. aé.	M2 aé.		
1	9142701NH5 994S	Pedras Blancas	Julián Fandiño Martínez	59-1	10,0			2.7.26	11:35